

CONTRATO ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE APOIO PSICOLÓXICO ORIENTADO A FAVORECER A INTEGRACIÓN DO ALUMNADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO ÁMBITO ACADÉMICO

INTERVEÑEN

Dunha parte, don Manuel Joaquín Reigosa Roger, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo (no sucesivo UVIGO), nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 110/2022, do 9 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) nº 117, do 20 de xuño de 2022, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, e publicados no DOG nº 38, do 22 de febreiro do 2019. Con enderezo en Edificio Exeria, campus universitario, 36310 Vigo e CIF. Q-8650002B.

Doutra parte, M^a Rosa Álvarez Prada, Decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (no sucesivo COPG)-, actuando en nome e representación do dito colexio, con enderezo na Rúa Espiñeira, 10, baixo, 15706, de Santiago de Compostela (A Coruña), e provista do C.I.F. Q-1500265B.

EXPOÑEN

PRIMEIRO Que a Universidade de Vigo é unha institución de dereito público, ao servizo da sociedade, que goza de autonomía e está dotada de personalidade e de capacidade xurídica e de patrimonio propio.

Que, segundo o artigo 1 dos Estatutos da Universidade de Vigo, correspóndelle á Universidade de Vigo, no marco das súas competencias, a prestación do servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia, o estudo, a transferencia do coñecemento á sociedade e a extensión universitaria.

Que segundo o artigo 2 dos anteditos estatutos constitúe un fin da Universidade de Vigo, entre outros: “Transmitir os valores superiores de convivencia, igualdade, o apoio permanente ás necesidades especiais das persoas e o fomento do diálogo, da paz e do respecto á diversidade”.

Por outra banda, o Plan Estratéxico da Universidade de Vigo 2021-2026 recolle no seu obxectivo 27, o de “Definir e poñer en marcha unha política integrada de responsabilidade social que englobe a cooperación internacional, o voluntariado, a igualdade, a sostibilidade e a atención á diversidade”, e cos ODS 4 (Educación de Calidade), 10 (Redución das desigualdades) e 17 (Alianzas para lograr os obxectivos).”

SEGUNDO: Que o COPG é unha Corporación de Dereito público, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, e que ten entre as súas funcións, segundo o artigo 3 dos seus Estatutos, o ordenamento e vixilancia do exercicio da profesión de psicólogo/a en tódalas súas formas e especialidades, a representación exclusiva da mesma, a defensa dos intereses profesionais dos/as colexiados/as e a protección dos intereses dos consumidores e usuarios receptores dos servizos prestados por aqueles/as., así como a vixilancia do exercicio da profesión, velando polo axeitado nivel de calidade das prestacións profesionais dos/as colexiados/as, e fomentar a promoción e o desenvolvemento técnico e científico da profesión e da ciencia psicolóxica, a solidariedade profesional e o servizo da profesión á sociedade, así como exercer cantas funcións lle sexan encomendadas pola administración pública colaborando con ela para o mellor cumprimento dos seus fins. Que, segundo o antedito artigo 3 dos Estatutos do COPG, para o mellor desenvolvemento dos seus fins, o Colexio Oficial de Psicología de Galicia poderá establecer relacións con as administracións, institucións, e organismos de dentro e fóra de Galicia.

TERCEIRO: O apoio psicolóxico obxecto do presente contrato deberá colaborar na consecución do plan de inclusión e non discriminación da universidade por motivos de discapacidade, orixe étnica e nacional, orientación sexual e identidade de xénero, e por calquera outra condición social ou persoal, unha vez aprobado aquel e os protocolos dimanantes do mesmo polo Consello de Goberno da Uvigo, de conformidade co establecido no artigo 46 Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, e coadjuvará así mesmo a dar cumprimento aos artigos 37 e 43 do devandito corpo legal que impón ás Universidades a obrigaón de garantir ao estudantado que no exercicio dos seus dereitos e o cumprimento dos seus deberes non será discriminado por razón de nacemento, orixe racial ou étnica, sexo, orientación sexual, identidade de xénero, relixión, convicción ou opinión, idade, discapacidade, nacionalidade, enfermidade, condición socioeconómica, lingüística, afinidade política e sindical, por razón da súa aparencia, ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social e a obrigaón de ofrecer servizos gratuítos dirixidos á orientación psicopedagóxica, de prevención e fomento do benestar emocional do estudantado.

O cumprimento deste imperativo legal, require da adopción por parte dos poderes públicos de medidas dirixidas ao alumnado que permitan a súa óptima integración na comunidade universitaria en condición de igualdade con independencia dos problemas ou condicións persoais ou sociais que puideran afectar ao rendemento académico. Entre as ditas medidas considérase adecuado e de interese para os fins perseguidos facilitar o acceso por parte dos asinantes a servizos de psicología orientada á integración do estudantado na comunidade universitaria.

CUARTO: Que, tanto o COPG como a UVIGO están de acordo en establecer unha colaboración a fin de institucionalizar e dar cumprimento ás obrigas impostas pola normativa universitaria anteriormente expostas a fin conseguir que o dereito á igualdade recoñecido na Constitución sexa unha igualdade material que permita que todas as persoas que accedan á

comunidade universitaria pública consigan unha óptima integración na mesma como institución, e concretamente no ámbito académico, con independencia dos problemas ou condicións persoais ou sociais que puideran afectar ao rendemento académico, coadxuvando a isto o apoio psicolóxico prestado por profesionais habilitado a tal fin consonte a lexislación aplicable e ós títulos habilitantes a tal efecto.

En consecuencia, ambas partes acordan subscribir o presente contrato con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONTRATO: A prestación de servizos de apoio psicolóxico ao alumnado da Universidade de Vigo, que cumpra os requisitos establecidos no presente contrato, por parte de profesionais incorporados ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Terán a condición de alumnado da Universidade de Vigo, e poderán acceder ao devandito servizo, aquelas persoas que estean matriculadas e cursen estudos de grao e posgrao na dita universidade.

SEGUNDA: COMPROMISOS DAS PARTES.

1.- O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia comprométese a:

- a. Elaborar as listaxes cos profesionais colexiados/as exercentes que, cumprindo os requisitos establecidos no presente documento, opten por atender ao alumnado derivados pola UVIGO.
- b. Xestionar as anteditas listaxes para asignar ao profesional que atenderá a cada alumno/a derivado/a pola UVIGO
- c. Xestionar a compensación económica que corresponda aos anteditos profesionais
- d. Certificar trimestralmente as sesións prestadas ao alumnado

2.- A Universidade de Vigo comprométese a transferir trimestralmente ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, a contía correspondente segundo o réxime económico recollido no presente contrato en concepto de compensación pola elaboración e xestión de listaxes, a derivación do alumnado e asignación das sesións que lle correspondan segundo este contrato, ata un máximo, polo conxunto de intervencións que se deduzan da dita derivación, de 150 sesións, e a xestión da compensación económica aos profesionais que o Colexio lles determine.

TERCEIRO: RÉXIME DE COLABORACIÓN

1.- O/as psicólogos/as que presten estes servizos deberán ser seleccionados entre os colexiados/as que cumpran cos requisitos xurídicos-administrativos para o exercicio profesional, conforme cos seguintes criterios:

- a. Ser psicólogo/a colexiado/a do COPG e estar ao corrente de pago das cotas colexiais.
- b. Non estar cumprindo ou pendente de cumprimento unha sanción de tipo deontolóxico.

- c. Ter formación e experiencia profesional acreditada no ámbito da psicoloxía educativa.
- d. Presentar unha declaración responsable de estar dado de alta no réxime especial de traballadores autónomos no momento de inicio da intervención derivada.
- e. Ter consulta física nas localidades de Pontevedra, Vigo ou Ourense.
- f. Ter contratado un seguro de responsabilidade civil profesional, o cal se acreditará mediante o pagamento do último recibo do ano en curso.
- g. Certificado de delitos de natureza sexual ou xustificante de telo solicitado.

Unha vez que o/a psicólogo/a, entre a formar parte das listaxes para a atención ao alumnado da Universidade de Vigo, asinará un compromiso de aceptación das normas de funcionamento da listaxe, así como do compromiso de actuación.

Excepcionalmente, poderase renunciar á intervención por causas de forza maior debidamente acreditadas.

As persoas interesadas en incorporarse nas devanditas listaxes de psicólogas e psicólogos deste Colexio Oficial, deberán presentar:

- a. Solicitude segundo o modelo que especifique o colexio
- b. Copia simple da documentación acreditativa dos méritos que desexen facer constar.
- c. Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos para formar parte das listaxes.

2.- A derivación de alumnado ao Colexio de Psicólogos realizarase no seguintes termos:

Solicitude: A Universidade de Vigo, a través do Vicerreitorado competente en atención á diversidade solicitará ao Colexio Oficial de Psicoloxía a designación de psicólogo/a, indicando a localidade do campus universitario onde está matriculado.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia contactará coa persoa beneficiaria para concretar as necesidades psicolóxicas, e deste modo derivar a un profesional da psicoloxía en función das súas necesidades e da cidade na que se atope o campus universitario no que está estudando.

Derivación: O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia notificará a designación por sede electrónica ao profesional de psicoloxía que por quenda de listaxe lle corresponda, facilitándolle os datos de contacto do alumno/a e un código de persoa usuaria.

Será responsabilidade do profesional da psicoloxía asignado poñerse en contacto no prazo máximo de 24 horas co alumno/a para concertar a cita.

No caso de que ambas partes acepten a intervención, deberase concretar a cita no prazo de 48 horas dende a aceptación.

O psicólogo/a notificará ao COPG o inicio da intervención segundo modelo oficial do COPG (Anexo II).

Intervención: O alumnado da Universidade de Vigo poderá gozar dun máximo de tres sesións financiadas pola Universidade de Vigo consonte ao presente contrato. No total das intervencións o profesional da psicoloxía deberá realizar as seguintes actuacións:

- Análise e valoración dos antecedentes ou do expediente psicolóxico que presente o alumno/a,
- Busca de pautas, ferramentas, medidas e recomendacións psicolóxicas idóneas para o alumno/a.
- Seguimento e control da eficacia das medidas anteriores.

Do resultado da intervención, proporcionarase ao alumnado atendido, un informe que a persoa interesada poderá presentar perante o órgano competente da Universidade.

CUARTA: RÉXIME ECONÓMICO: O presente contrato financiarase con cargo aos orzamentos da Universidade de Vigo para o ano 2023/2024, concretamente con cargo á aplicación orzamentaria 00BE 211E 227.99, por unha contía de 17.871,70.€,(impostos incluídos) que se distribuirá nos seguintes conceptos:

- Xestións organizativas e administrativas do contrato: 5.000,00€, IVE non incluído.
- Sesións prestadas ao alumnado ata un máximo de 11.821,70€ (máximo de 150 sesións, a razón de 65 euros de base imponible, IVE non incluído).

A compensación económica realizarase trimestralmente previa certificación das sesións realizadas, acompañada do documento Anexo III presentada polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a tal efecto, en función do número de sesións certificadas.

QUINTA: COMISIÓN DE SEGUIMIENTO Crearase unha comisión mixta de seguimento que estará formada por dous representantes da Universidade de Vigo e dous do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, e reunirse facultativamente cando se considere necesario a petición dalgunha das partes, coas seguintes atribucións.

- Interpretación do contrato
- Aprobación do procedemento de derivación do alumnado pola Universidade de Vigo ao COPG
- Resolución de incidencias en relación co alumnado e a atención prestada
- Seguimento do cumprimento do contrato

SEXTA.- MODIFICACIÓN. As partes poderán modificar, por acordo mutuo, os termos do presente contrato, debendo quedar reflectido por escrito a través da subscripción dunha addenda dentro do período de vixencia do mesmo.

SÉTIMA: SOLUCIÓN DO CONTRATO E CONSECUENCIAS EN CASO DE INCUMPRIMENTO. O contrato extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Serán causa de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia do contrato sen acordarse a prórroga do mesmo.

- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do contrato e as demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persiste o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o contrato.
- A decisión xudicial declaratoria da nulidade do contrato.
- A imposibilidade sobrevida de cumprimento do obxecto do contrato.
- Calquera outra causa distinta das anteriores e prevista nas leis.

En caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes, a parte afectada convocará á comisión mixta de seguimento establecida na cláusula quinta a efectos da adopción das medidas necesarias para o seu cumprimento.

Se tras a actuación da comisión mixta de seguimento persistise o incumprimento, a parte afectada poderá entender extinguido o contrato e esixir á incumpridora a indemnización por danos e prexuízos que legalmente lle corresponda.

Cando concorra algunha causa de resolución do contrato, se existen actuacións en curso de execución, poderase acordar, a proposta da comisión de seguimento, a continuación e finalización destas nun prazo improrrogable, transcorrido o cal o contrato deberá liquidarse. O devandito prazo será fixado polas partes cando se resolva o contrato, de conformidade co previsto no artigo 52.3 da Lei de Réxime Xurídico do Sector Público (LRJSP).

OITAVA: RÉXIME XURÍDICO E RESOLUCIÓN DE CONFLITOS. Este contrato ten carácter administrativo, rexerese polas súas propias cláusulas e polo réxime xurídico en materia de contratos.

As partes acordan que calquera diverxencia, discrepancia ou controversia que puidesen xurdir relativas á interpretación ou execución do presente contratos que non poida resolverse pola comisión mixta de seguimento indicada na cláusula cuarta será sometida aos órganos da xurisdición contencioso administrativa.

NOVENA: ENTRADA EN VIGOR E DURACIÓN.

A vixencia do contrato comezará a contarse dende a súa sinatura e finalizará o 30 de xullo de 2024.

O presente contrato poderase prorrogar ano a ano.

DÉCIMA: PROTECCIÓN DE DATOS DE CARACTER PERSOAL E GARANTÍA DOS DEREITOS DIXITAIS

As partes asinantes comprométense a tratar os datos de carácter persoal a que, no seu caso, teñan acceso ou sexan obxecto de cesión no marco de aplicación do presente contrato, de conformidade co que dispón o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas

no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos), a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do 5 de decembro, e demais normativa aplicable en materia de protección de datos.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, ao ter acceso a Datos de Carácter Persoal responsabilidade da Universidade de Vigo, terá a consideración de Encargado de Tratamento aos efectos do disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 (Regulamento xeral de protección de datos ou RGPD). Unicamente tratará os Datos de Carácter Persoal conforme o establecido neste contrato. En ningún caso, o adxudicatario comunicará, nin tan sequera para a súa conservación, os Datos de Carácter Persoal tratados en virtude deste contrato, a ningún terceiro.

O Encargado do Tratamento obrígase neste acto a adoptar as medidas de índole técnica e organizativa necesarias para garantir a seguridade dos Datos de Carácter Persoal aos que teña acceso en virtude deste contrato, en función do nivel de seguridade que sexa aplicable a estes, e que eviten a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado, xa proveñan da acción humana, física ou natural, de acordo co establecido na devandita normativa.

O Encargado Tratamento obrígase neste acto a gardar segredo profesional dos Datos de Carácter Persoal aos que teña acceso en virtude deste contrato aínda despois de finalizada a relación xurídica que une ás partes.

Se o Encargado do Tratamento destinase os Datos de Carácter Persoal para outra finalidade, os comunicase ou os utilizase incumprindo as estipulacións deste contrato, será considerado Responsable do Tratamento e responderá persoalmente das infraccións en que incorrese, exonerando expresamente ao Responsable do Tratamento de calquera responsabilidade.

E, en proba de conformidade, as partes subscriben electrónicamente o presente contrato, constandingo como data do mesmo a correspondente á última sinatura realizada.

Pola Universidade de Vigo

Polo Colexio de Psicoloxía de Galicia

Asdo. Manuel J.Reigosa Roger

Asdo. M^a Rosa Álvarez Prada

ANEXO I

PROGRAMA ATENCIÓN PSICOLÓXICA A ALUMNADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO EN
CONTRATO CO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

FOLLA DE DERIVACIÓN AO COPG PARA A ASIGNCIÓN DE PROFESIONAL DA
PSICOLOXÍA

| DATOS DO/A BENEFICIARIO/A | | |
|----------------------------------|------------------|--------------------|
| NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO |
| | | |
| NIF | IDADE | |
| | | |
| CAMPUS UNIVERSITARIO DE PERTENZA | | |
| | | |
| TELÉFONO | | CORREO ELECTRÓNICO |
| | | |

O ALUMNO/A

O VICERREITOR/A

ANEXO II

| DATOS DO PROFESIONAL QUE PRESTA SERVIZO PSICOLÓXICO | |
|---|---------------------|
| NOME E APELIDOS | NÚMERO DE COLEXIADO |
| | |
| DATOS DO BENEFICIARIO | |
| CÓDIGO ALUMNO/A | |
| | |

Pola presente notifico ao COPG que habendo aceptado ambas partes (psicólogo/a e alumno/a) a intervención psicolóxica encomendada xa esta fixada a data da primeira sesión

En _____ a ____ de _____ de _____

Asinado.

ANEXO III

| DATOS DO PROFESIONAL QUE PRESTA SERVIZO PSICOLÓXICO | | | | |
|---|------------|------------|-----|---------------|
| NOME | 1º APELIDO | 2º APELIDO | NIF | NºCOLEXIADO/A |
| | | | | |

| | |
|--------------------|--|
| CÓDIGO DO ALUMNO/A | |
| Nº sesión GRATUITA | |

En proba dos servizos psicolóxicos realizados, o profesional e a persoa beneficiaria do servizo, asinan a respectiva ficha individual.

Autorizo expresamente ao psicólogo/a asignado/a que de traslado deste Anexo á Universidade de Vigo para xustificar a atención recibida segundo o contrato asinado polo Colexio Oficial de Psicología de Galicia e a Universidade de Vigo.

En proba dos servizos psicolóxicos realizados, o/a profesional e o/a alumno/a beneficiario/a do servizo, asinan a respectiva ficha individual.

Profesional ofrece servizo psicolóxico

Beneficiario/a

| Información básica sobre protección de datos de carácter persoal. | |
|---|---|
| En cumprimento de la L.O 3/2018 de Protección de Datos infórmase do que segue | |
| Responsable | <p>Identidade: Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia / CIF: Q1500265B</p> <p>Dirección: Espiñeira Nº10, baixo, 15706, Santiago de Compostela, A Coruña</p> <p>Teléfono: 981534049 / Correo electrónico: copgalicia@copgalicia.gal</p> <p>DPO: Cecilia Barros Díaz / Correo electrónico: dpo@protexdat.com</p> |
| Finalidades | Xestión das intervencións realizadas no eido do contrato de Atención Psicolóxica a alumnado da Universidade de Vigo co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. |
| Lexitimación | <p>RGPD: art. 6.1. Consentimento da persoa interesada</p> <p>LO 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.</p> |
| Colectivo | Persoas matriculadas na Universidade de Vigo e derivadas polo Vicerreitorado de atención á diversidade. |
| Categorías de Datos | Código, número de sesión e sinatura |
| Cesión | Os seus datos serán cedidos á Universidade de Vigo en virtude do contrato XXXXXX. Non se cederán máis datos a terceiros, salvo o seu consentimento expreso ou as excepcións previstas na normativa vixente. |
| Dereito | Acceso, rectificación, supresión e dereito ao esquecemento, limitación do tratamento, portabilidade, oposición, reclamación ante a AEPD e a non ser obxecto de elaboración de perfís. Dereito a revogar o consentimento prestado. |
| Más información | Nas nosas dependencias. |

